



Esta realidade merece a nosa insumisión



A foto que fala



Sorprende, verdade?

O trasno

Daniel López Muñoz

Dolce vita, Gamonal e o mito dos recursos infinitos



É o consumismo que nos consome e fainos vivir no espellismo dos recursos ilimitados. Non, os recursos e a nosa capacidade de queimalos ten límites obxectivos e as crises, ás veces, teñen o valor de recordárnolo.

Un macrocentro comercial -un de tantos- na Coruña, pechará as súas portas coincidindo co remate deste primeiro mes de xaneiro. É un produto máis da febre do macro, do macrogasto, do macroubanismo, das macrobarbaridades. Sen o máis mínimo

criterio de sustentabilidade. Nunha fuxida para adiante de planificadores, políticos e empresarios. Nun exercicio de depredación realmente macro. E todo, habitualmente, para maior gordura das contas suizas de inimigos públicos vestidos de Armani.

Curiosamente ese macrocentro morre acurralado por outros macrocentros comerciais. Marabilla planificadora. Viva a superficie! Quen a ten máis grande? Un deles anunciábase como “El mayor complejo de España”. E si, efectivamente, era a expresión do complexo antigalego dunha parte dos galegos e galegas -que agora mandan bastante, por certo. E todo a pesar de ser inaugurado entre moitas risas, poses e fotos por autoridades locais e autonómicas que, iso si, non se sabe moi ben que bendicían, se a exclusión absoluta do idioma propio desta terra, se a ferida mortal ao pequeno comercio local ou quizais a posta en funcionamento dun macroexemplo da falta de previsión de garderías e políticas de conciliación para miles

de mulleres -e algúns homes menos- con horarios inconciliables.

O macro non é fermoso. Nin práctico, nin sustentable, nin desexable. E só favorece unha concentración antisocial dos beneficios e plusvalías. A xente, desde a crise e a reacción dos movementos sociais, está farta do macro e do que significa e de a quen beneficia. Das macro cidades do-no-sei-que, das macroinfraestruturas absurdas e dos macroplans urbanos sen chisco de intelixencia.

A xente quere bos servizos sociais e sanitarios, educación con centros dotados, sanidade pública. Xa está ben. Por iso estoupa Gamonal, por exemplo. Que vaian tomando nota. Todos, que a todos lles vai a marcha -aínda que a todo hai quen gañe. E cómpre celebrar ese cambio de mentalidade do electorado. Que non usen os cartos de todos para se faceren a foto cortando a cinta das súas macrofalcastruadas. Xa está ben!

Editorial Insubmisión ante a desigualdade

Por veces parece que nos cercan as información que só confirman unha urxencia: a do inconformismo. Resulta moi reconfortante ler as palabras de Francisco –como as que reproducimos na Utopía deste número- porque serven como contrapunto e fonte de inspiración fronte aos datos da realidade. Por fin. Xa non é que o tema da iniquidade e a corrupción afecte a este ou aquel concello, á deputación de Ourense, á rede Gürtel, ou a Urdangarín. Os informes de Oxfam sobre desigualdade global revelan que que no mundo, coa desculpa da crise, para beneficio dos poderosos do planeta, acaba de producirse, en cousa de menos dun decenio, un retroceso infame –inhumano?, ignominioso?- da desigualdade a escala mundial. E como complemento, ben ilustrativo de por onde van os tiros, o “China leaks”, que pon en evidencia que os familiares e magnates do coloso do crecemento teñen contas ocultas en paraísos fiscais. Un feito curioso, sen dúbida, revelador da deriva dun sistema –en realidade un capitalismo desaforado e sen control público democrático- que basea todo na maximización do lucro individual.

a riqueza e o trunfo dos listos considéranse a fin desa única historia

trunfo dos listos considéranse a fin desa única historia. Neoliberalismo en estado puro. O mal en forma de estrutura e ideoloxía.

Pero a realidade é teimuda e vai aturar mal iso de que o 1% da poboación mundial concentre a metade da riqueza, que os investidores se lucrasen dos rescates, ou que os vinte españois máis ricos concentren máis riqueza que o 20% da poboación, os de menos recursos. Por certo, un deses homes ricos vive na Coruña e aínda está por ver o día no que dea as grazas e pida perdón a todas as mulleres galegas que traballaron como vietnamitas nunhas cooperativas ficticias, en talleres infames, con horarios extenuantes e salarios míseros; todo para erguer un imperio que se vende como exemplo de trunfo.

Si, cómpre moita insubmisión activa fronte a tanta propaganda insultante, fronte tanta exaltación do moralmente impresentable.

Ese é o cancro: co cambio de século colouse tamén un cambio de xuízo moral colectivo. Declarada a fin da historia, dos grandes relatos e utopías igualadoras, chegou o momento da éxtase individualista, do “sálvese quen poida”. Só hai historia dos individuos e a riqueza e o

Rumores de esperanza

Xan Guillén



En Santiago hai moitos tesouros. Con isto non digo nada raro, pero hoxe vouvos falar dun que é para moitos descoñecido. Trátase do MUPEGA (Museo Pedagógico de Galicia), que está en San Lázaro, na saída de Santiago cara a Lugo.

Neste museo podemos ver de xeito moi gráfico a historia da nosa escola. Podemos ver a recreación dunha escola de ferrado, que era a maneira na cal moitos mestres sobrevivían dando clases a cambio dun ferrado, xeralmente de millo, así como recreacións de aulas da Restauración, da República ou do franquismo. Tamén hai xoguetes, recordos, lembranzas... Toda unha chea de coñecemento entretido e moi visual.

Agora, ata abril, hai unha exposición sobre a EXB. Vai dende uns cartaces interesantes sobre a súa historia e o que pretendía ata novas recreacións e obxectos da época.

Xa sei que algúns dos que ledes isto, ou ben sodes de antes a EXB ou ben sodes da LOXSE, pero a meirande parte de nós pasamos esa época e comezamos a ser “obxectos de museo”. Se tes un bocadiño de tempo e non tes que facer por Santiago, podes ir ata o MUPEGA a visitalo e, de paso, ver a exposición. Pasarás o tempo lembrando e pensando o que dicía Jorge Manrique e que aprendemos de memoria nas aulas de EXB: “Como a nuestro parecer, cualquier tiempo pasado fue mejor”.

1



3



2



4



A peneira

1

Bioallarluz crea enerxía con 25.000 toneladas de residuos silvícolas por ano dende 1998. **A BIOMASA** limpa e emprega. O 20% da eólica en Europa xestiónana cooperativas agrícolas, pero aquí só cobran o 1% da factura da empresa; en Asturias o 2% e Canarias o 6%. Na foto, o 1º edificio con caldeira de biomasa na Estrada da Granxa de Lugo.

2

Asemblea das Comunidades de **MONTES** en Man Común, o 9, e o V Congreso, o 8 de marzo en Lugo. Temos 700.000 hectáreas mal arboradas (un 33% improdutivo) que son cobizadas polo capital e as papeleiras que a apoia a Xunta. Ademais, a Administración pon trabas coas distancias aos pequenos para plantaren soutos ou fragas, coma na "Paisaxe con vacas" de Colmeiro

3

A emigración é superior á inmigración, agravada pola "Vaga **GRANATE**", a cor do pasaporte que utilizaron 2436 galeg@s menores de 40 anos para irse fóra do Estado na primeira metade do 2013. Entre 2003 e 2010 a metade dos titulados emigraron, unha sangría para Galiza. Se o paro xuvenil na UE é do 23,6% en España é do 57,7%.

4

25 anos da igrexa **EVANXELISTA** Boas Novas de Lugo que atende 5000 persoas, sobre todo coa ONG Aviva. A igrexa vai acubillar neste aniversario o primeiro HUB: un foro aberto de cultura e pensamento de vangarda. En Lugo hai 8 igrexas; na foto, ensaiando canto na Filadelfia.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

Dende o 1, abriuse un claro para 300 embarcacións de arrastre e enmalle nas que faenan 2500 traballadores. Cómpre valorar o impacto ambiental das artes e a sobrepesca. Entre nós viven do **MAR** 38.000 persoas, o 52% do Estado e o 12% da UE, pero seguen ninguneándonos, dende a prepotencia, alén do Atlántico.

6

Nos 300 anos da Guerra da Sucesión **CATALUÑA** propón o debate sobre o seu futuro, onde conviven uns 300.000 galeg@s, emigrantes e fill@s nados alí. Este proceso é similar ao de Escocia, xa considerada á par no fútbol europeo, e a onde viaxamos co novo *Astérix* para saber da loita dos clans por unirse. Na foto, a Vía Catalá no Vaticano.

7

Preocupan as eleccións manipuladas e sucias de **TAILANDIA**, o 2. Este país vende, con apoio da UE, 75.000 toneladas de atún preto de nós, procesadas sen control sanitario e co traballo de escrav@s. Manteñen 15 conserveiras co que se inviste aquí nunha, e pagan a 26 co salario dun galeg@.

8

Para 4500 sen teito (o 30% con enfermidade crónica) o Nadal alóngase coa **BOA NOITE** dos moz@s da parroquia San Francisco da Coruña, que os buscan para ofrecerlles alimentos quentes, información, conversa... Mentres o 40% da comida producida en Occidente vai ao lixo, 2000 millóns de toneladas son as que necesitan os que morren de fame.

☎ 27891 CERVÓ (Lugo)
Teléf.: 982 - 55 78 41 - Fax 982 - 55 78 04
e-mail: sargadelos@sargadelos.com

☎ O CASTRO DE SAMOEDO
15168 Sada (A Coruña)
Teléf.: 981 - 02 09 37/62 02 00
Fax: 981 - 62 38 04
e-mail: ocastro@sargadelos.com

☎ Rúa Nova, 16
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléf.: 981 - 58 19 05 - Fax 981 - 58 58 88
e-mail: galeriasantiago@sargadelos.com

☎ Rebl, 56
15003 A CORUÑA
Teléf.: 981 - 22 26 04 - Fax 981 - 22 26 04
e-mail: galeriacoruna@sargadelos.com

☎ Provença, 274 - 276
08008 BARCELONA
Teléf.: 93 - 215 03 68 - Fax 93 - 215 01 79
e-mail: galeriabarcelona@sargadelos.com

☎ Conde Aranda, 2
28001 MADRID
Teléf.: 91 - 310 48 30 - Fax 91 - 310 48 30
e-mail: galcriamadrid@sargadelos.com

GALERIAS
SARGADELOS

☎ Habana, 12
32003 OURENSE
Teléf.: 988 - 37 09 26 - Fax 988 - 37 09 28

☎ Rubalcava, 30 - 32
15402 FERROL
Teléf.: 981 - 35 37 14 - Fax 981 - 35 37 16
e-mail: ferrol@sargadelos.com

☎ Pza. Sto. Domingo
27001 LUGO
Teléf.: 982 - 22 78 04 - Fax 982 - 24 49 13
e-mail: sargadeloslugo@terra.es

☎ Urzáiz, 17
36201 VIGO
Teléf.: 986 - 22 00 50 - Fax 986 - 22 04 74
e-mail: info@galeriasargadelos.com

☎ Oliva, 24
36001 PONTEVEDRA
Teléf.: 986 - 85 25 84 - Fax 986 - 85 79 18

☎ Pza. de España, 2
27400 MONFORTE DE LEMOS
Teléf.: 982 - 40 26 57 - Fax 982 - 41 60 33
curgal@curgal.com

☎ Conde de Fenosa, 39
32300 O BARCO DE VALDEORRAS
Teléf.: 988 - 32 05 86

☎ Rúa Castelao, 52
36980 O GROVE
Teléf.: 986 - 73 09 68 - Fax 986 - 73 23 34
espirolde@yahoo.com

☎ Calvo Sotelo, 8
36580 A ESTRADA
Teléf.: 986 - 57 52 46 - Fax 986 - 57 02 94
sargadelos@astrada.com

Política O lobo de Wall Street

Pedro Pedrouzo Devesa



“Todos somos cómplices do desfalco financeiro, no sentido de que permitimos unha cultura onde o único con sentido é o diñeiro.” Esas verbas pronunciounas Martin Scorsese, o director de “O lobo de Wall Street”, película que retrata o universo mafioso desa bolsa que é o corazón do mundo financeiro.

Cando escribo sobre algún tema económico ou político entran en conflito dúas formas antagónicas de abordalo: a primeira é a de centrarme no poderoso, naquel que contribúe en gran medida a que as cousas sigan como están: o político, o millonario ou o banqueiro focalizan a miña atención. Tradicionalmente culpables de situacións de enorme agravio para tantísimas persoas, toda crítica que se lles faga parece escasa, sobre todo nun momento no que nos fan sentir estúpidos a todos aqueles que non lle soubemos sacar tan bo partido á crise coma eles. As crecentes cifras de desigualdade do noso país parecen esixir a revisión dun contrato social que está empoderando máis aos poderosos, empobrecendo á clase media, e marxinando á clase empobrecida.

A segunda forma de ver as cousas é analizar o pecado colectivo que se agocha en toda desfeita social. Esta óptica ten fonda raizame católica, e vén ser unha actualización do pecado orixinal. Un claro exemplo son as palabras de Scorsese, que tampouco me son totalmente alleas. Porque tamén vexo razón nelas. O que non teño clara é a intención coa que se reproducen nos medios. Que quere dicir con elas quen as fai públicas? É certo que todos temos parte de culpa da engranaxe financeira que montamos. Observamos diariamente o que producen os mercados financeiros, pero seguimos buscando a maior rendibilidade posible aos nosos aforros. Porén, os xuros que recibimos son fundamentalmente froito da especulación dos mercados financeiros e da usura que padece o beneficiario do préstamo bancario.

Moitos aforradores preferirían un fondo que só invistise, por exemplo, en proxectos ecolóxicos, e que só dese os xuros que compensasen a inflación, para que o valor real dos aforros non mingua, pero tampouco se incrementase. Se os fondos se exprimen para gañar máis é imposible levar adiante iniciativas socialmente rendibles. Poderíamos pedir que os fondos tivesen unha valoración ética de eficiencia social A, como a clasificación enerxética dos electrodomésticos. Preferimos un bo uso social dos nosos aforros ou unha maior rendibilidade sabendo como se consegue esta?

De todas formas, e asumindo que a suma das modestas usuras de todos os pequenos aforradores puideron empuxar ao sistema na senda equivocada, este petou porque seguimos sen domesticar a selva financeira que orixinou auténticas bestas indomables con suficiente diñeiro para facilitar que moitos políticos se *volvesen razoables* a proxectos que nos están enterrando a todos.

Todos somos algo egoístas, pero algúns son auténticos mafiosos. Comecemos o desagravio de forma ordeada. Domestiquemos a selva.



O peto común

Teresa Souto

Neste mes de febreiro celebramos a Candeloria, acendemos lumiños que nos guiarán no camiño; levamos as crianzas a esta festa, como Xosé e María levaron a Xesús a presentalo no Templo, presentarllo á comunidade; e compartimos xuntas/os a luminosidade das candeas.

A serenidade e compañía que aporta o lume faise presente nas celebracións, e onda ao lume temos momentos de reflexión, encontro, lembranza, agradecemento, ledicia, perdón.

Momentos de esperanza ante os proxectos e as ilusións, as nosas, e as dos demais, sobre todo das persoas que as perden, que as esquecen, que non son capaces de atopalas. Ás veces é difícil atopar cousas na escuridade, por iso é tan necesario prender candeas. Luces que nos inspiren, que sexan exemplo, guía, acompañamento.

Acendelas preto e lonxe, para as persoas que non poden gozar dunhas condicións dignas de traballo no país, e teñen que preparar a maleta e marchar fóra para traballar. Lonxe da terra, da familia, das amizades: xeracións de emigrantes en busca de opcións para gañar o pan. Os bisavós, avós, os pais, nais, os compañeiros e compañeiras. E tamén para as/os que chegan aquí, en busca de novas oportunidades, en busca de xustiza nun mundo onde abundan as desigualdades, que atopen o lume acendido, que vexan a luz que desprende e sintan a acollida sincera que merecen.



O CARRABOXO por KOBE LOIS



Entrevista Riscos da democracia e urxencias varias

Alfonso Mascuñana



Conversa co profesor Juan C. Monedero

O 18 de xaneiro, na Coruña, Juan Carlos Monedero, profesor de Ciencias Políticas e Socioloxía na Universidade Complutense, mantivo un coloquio no local da Asociación veciñal "Os Anxos", nun local abarrotado, con preto de trescentas persoas. O título era "Mover ficha; riscos da nosa democracia e urxencia da política". Dous días antes presentárase a nivel estatal "Somos Maioría" unha iniciativa electoral "popular e aberta á cidadanía", liderada por Pablo Iglesias e apoiada por Monedero, que logrou en pouco máis dun día 50.000 apoios cidadáns. Aproveitamos para conversar con el.

Dixeches que España necesita unha ruptura, máis ca unha segunda transición.

Si, as transicións son procesos que buscan desactivar as protestas no canto de resolver os problemas, e garanten ás elites do vello réxime un lugar de privilexio na nova orde. Unha ruptura implicaría, ademais, a co-responsabilidade cidadá á hora de discutir e aprobar as bases legais do novo contrato social: dunha nova Constitución.

Tes unha grande actividade infatigable e contacto con moitos colectivos. Cal é a túa impresión encol dos procesos de crecemento colectivo que a situación que estamos sufrindo provoca? Canto calou na xente o "si se pode"?

Cómpre situarnos na "hipóteses vitoria": as derrotas conducen á melancolía. As loitas siléncianse, a non ser que se trate de descualificalas. Por iso nada sabemos de centos de conflitos que agora mesmo se dan no Estado. Pero ás veces esa estratexia falla. En Gamonal os medios intentaron demonizar a protesta. Ao gañaren os

veciños, convertese nun referente que anima o resto de conflitos. O capitalismo é un sistema cheo de contradicións. O sistema xógase a vida intentando que esas contradicións non aumenten a conciencia da xente. E a democracia ten que tratar de facer da dor coñecemento, do coñecemento vontade, da vontade capacidade e da capacidade transformación.

Despois de moitos intentos xurdiu "Podemos" que quere ser unha plataforma electoral para as europeas. Como nace?

De constatar que o 90% da xente non encontra solución institucional e

Ou a indignación se converte en vontade política, ou as loitas non servirán de nada

partidista. Ao teren as eleccións europeas unha enorme abstención, ser pouco relevantes, pero con circunscripción única, son ideais para probar solucións de futuro. Os partidos da esquerda interromperon as conversas de unidade. Entendemos logo que era o momento de emprazar os partidos para que lle entregaran ao pobo a decisión da súa cabeza de lista. Aproveitamos ademais a ventá de oportunidade dunha figura como Pablo Iglesias, que soubo conectar con

amplas capas do país e devolverlles a emoción. Ademais, detrás estaba tamén un equipo de xente moza e non tan moza - ben preparada e motivada. Entón lanzamos a pedra pedindo 50.000 votos para empezar a falar coas forzas políticas. Sacámolas con creces nas primeiras 36 horas. Agora todo se pon en marcha, emprazando aos partidos a que acepten unhas primarias abertas ao pobo e asuman que o que máis apoios teña encabezará una lista unitaria da esquerda.

A que atrancos e obxeccións se enfrenta ese paso?

Ao silencio mediático (hoxe non estamos en ningún lado que non estivéramos xa antes), ao enfado das formacións políticas existentes (creen que os espazos lles pertencen), ás acusacións de fragmentar a esquerda (cando significa o contrario nun momento de parálise no medio dunha gran crise), de facerlle o xogo ao PSOE e ao PP (cando hai forzas da esquerda no Estado sostendo ao PSOE e ao PP), de propoñer un nome en vez de buscar unha decisión democrática (crítica que é certa pero que impediría aproveitar esta ventá de oportunidade). "Podemos" non é o bálsamo máxico: é unha metodoloxía de urxencia nun momento que pide urxencias.

En que consiste a súa novidade?

En que provimos de fóra da política tradicional (non vimos de Marte, pero nunca tivemos cargos), non temos dé-



beral e teno na maioría da xerarquía católica e en parte da poboación. Que opinión tes neste panorama de confrontación ideolóxica do papel que xogan as comunidades de base populares?

Foi terrible o papel da relixión católica no século XX, especialmente en España. Ademais a secularización social propia do mundo occidental veu acompañada dun elitismo da xerarquía católica, que afastou ao mundo progresista destas crenzas. Os xoves progresistas non están coa igrexa, mentres que os xoves máis conservadores parecen atopar nas posicións máis retrógradas un espazo de identidade. O Papa Francisco está supoñendo unha "revolución" que, se ben non pode evitar os elementos de tutela propios da crenza nun ser superior omnisciente, omnipotente e omnipresente, si pode regresar á figura de Xesús que é máis atractiva para os sectores populares en loita. E nesa aposta por Xesús, as Comunidades Populares, que sempre estiveron á vangarda do compromiso social, poden atopar un lugar de recoñecemento que lles permita unha nova presenza e, sobre todo, disputar o espazo aos sectores conservadores da igrexa católica.

bedas con ninguén, vimos da escola do 15M e das mareas, en que temos a nosa profesión fóra da política, que estudamos e traballamos arreo, que estamos preto da xente nova...

Cal é o esquema do seu programa?

O programa a día de hoxe é un programa de mínimos porque deberá debaterse pola xente. Nesta primeira fase podíamos pedirlle a Pablo Iglesias que se presentara. Pero todo o demais a partir de agora ten que facerse cunha metodoloxía democrática.

"Decepcionará" a aqueles sectores que se opoñen a todo o que cheire a tratar de conseguir votos nunhas eleccións?

Ou o movemento popular vai convertendo a indignación en vontade política, ou as loitas non servirán de nada. Eu creo que a corto prazo non hai solución: nin o mellor resultado nas europeas vai cambiar o Parlamento Europeo. Pero si pode lanzar unha mensaxe en todo o Estado da forza da xente que está farta. E poderemos aproveitar esa forza para os procesos electorais posteriores. O 15 M incorporou a moita xente nova á política. Esa politización hai que convertela en políticas públicas para a maioría e nunha maior participación do pobo na xestión do colectivo.

Non supuxo AGE en Galicia un proxecto electoral de converxencia

e de ruptura de inercias, que foi amplamente referendado por lo electorado? Coñeces intentos similares noutros lugares?

Non. Por iso AGE foi unha referencia. E por iso esperamos que superen as súas dificultades.

A dereita busca apoio da relixión, para lexitimar a súa política neoli-

O Papa Francisco está supoñendo unha "revolución" de regreso á figura de Xesús



A obediencia ao Papa, debe ser a mesma para todos os papas?



Os católicos estamos a asistir a un **fenómeno novo na Igrexa**. Até Benedito XVI, **ningún bo católico debía pór en dúbida a submisión incondicional ao papa**. Até entón, mantíñase firme a convicción tradicional, que estaba vixente desde o papado de Gregorio VII (s. XI): *Obedecer a Deus significa obedecer á Igrexa, e isto, á súa vez, significa obedecer ao papa e viceversa* (J. Daniélou, H. Küng). Esta idea quedou difuminada e cambaleouse sobre todo nas últimas décadas do s. XVIII coas formulacións da Ilustración, a Revolución e a modernidade. Por iso, coa eclesioloxía ultramontana que se desenvolve entre os anos 30 e 70 do s. XIX, preparáronse os ambientes católicos para aceptar sen condicións as afirmacións tallantes do Vaticano I, que se mantiveron firmes até o pontificado de Pío XII. Afirmacións de obediencia ao papa (fose quen fose), que se ensinaban nos tratados de eclesioloxía de Zapelena e Salaverri, os manuais de eclesioloxía, que aprendiamos, seminaristas e frades,

en case toda Europa, en América e en todos os centros de estudos eclesiásticos nos que se ensinaba a doutrina católica.

Nesta doutrina **era central oporse ao laicismo, ao relativismo, á esquerda política e á revolución mediante un principio fundamental: a soberanía do papa**. Porque o papado era fundamento de seguridade e estabilidade para a paz e a relixiosidade que defendía a dereita política. Pensar así era capital para un bo católico. Joseph De Maistre díxoo en frase lapidaria: *Non hai moral pública nin carácter nacional sen relixión, non hai relixión europea sen cristianismo, non hai cristianismo sen catolicismo, non hai catolicismo sen papa, non hai papa sen a supremacía que lle corresponde*. Esta convicción foi difundida por F. Lamennais, L. Bonald, Blanc de Saint-Bonnet, Karl Ludwig Von Hurter, Donoso Cortés e J. L. Balmes (cf. E. Congar). Estes autores representaban a dereita política e a dereita relixiosa. As dúas grandes correntes fundidas nunha soa pirámide cuxa cúspide era (e segue sendo) o papado. Non entro en máis datos e detalles desta historia do pensamento político e relixioso que chegou até o concilio Vaticano II. O pensamento que, neste concilio, foi defendido apaixonadamente polos homes da Curia

Os que antes predicaban a submisión ao papa, agora non queren saber nada; os da outra banda, elóxiano pero non se fían.





Vaticana. E que se viu cuestionado seriamente pola máis sólida teoloxía centroeuropea e os grandes cardeais que a representaban. **As indecisións de Pablo VI e a firme vontade restauracionista de Xoán Paulo II e Benedito XVI desembocaron no caos que impulsou a Joseph Ratzinger a dimitir do seu cargo de papa.**

A solución a esta crise do papado foi tan inesperada como desconcertante. Un papa, o papa **Francisco, que desprazou o centro da Igrexa e do papado: do ritualismo relixioso, que sem-**

Máis ca obedecer os papas, hai que parecerse a eles, na medida en que sexan modelos de humanidade e bondade.

pre fomentou a dereita, á *bondade evanxélica*, sempre tan próxima aos últimos deste mundo. E o que estamos a ver agora na Igrexa -e noutras moitas xentes que non querían saber nada da Igrexa- resulta tan lóxico como problemático. Os que antes predicaban a submisión ao papa, como criterio de autenticidade católica, agora non queren nin ouvir falar do papa. Estes dan a impresión de que lles interesaba máis a dereita política que a bondade evanxélica. Hai

outros que, polo visto, querían rubir pola dereita. E para iso víñalles moi ben ser máis papistas có papa. Estes arribistas tiveron mala sorte. Non saben que facer nin onde porse nesta nova situación. Tamén os hai que pretendían agatuñar pola esquerda. Son os que, desde o día en que Paulo VI publicou a *Humanae Vitae* (sobre a pílula), **andaron a buscarlle as cóxegas a Pablo VI e aos dous papas que o seguiron, os seus bispos e os seus teólogos.** Pero, é claro, agora non saben como rubir. E estáselles notando de-

masiado. Porque estiveron uns meses que non sabían onde pórse. Agora, como é lóxico, eloxian o papa Francisco tanto canto lles convén. Pero non acaban de fiarse. Porque querrían que o papa fulminase a todos os que eles fulminan.

Por iso, quen non busca, tanto na relixión como na política, máis nada que o que lle convén para instalarse ben na vida, eses son os que, desde a tarde da *fumata bianca* até o día de hoxe, non acaban de ver, no papa

Francisco, non só ao home que a Igrexa necesita, senón, antes que iso, o *xefe de fila* (Heb 12, 2) que nos está trazando o camiño da nosa crecente humanización, neste mundo tan deshumanizado.

Hai que obedecer ao papa Francisco como aos demais papas? Na medida en que este home singular e exemplar achéganos ao modelo de vida que nos presenta o Evanxeo, nesa mesma medida, máis ca *obedecer*, o que temos que facer é tentar parecernos en humanidade e bondade á desconcertante proximidade ao sufrimento humano que nos ensina cada día o papa Francisco. Nisto, temos que ser como este papa e como os demais. Na medida en que este e todos os outros foron modelos de humanidade e bondade, é dicir, **modelos do Evanxeo.**



Actualidade

Merche Carrión



Emilia, ti, o mesmo que outras mulleres, formas parte dese colectivo de persoas que traballou a xornada parcial durante a maior parte da súa vida laboral. Tiveches dereito á pensión cando che chegou a idade da xubilación?

Pois non, aínda que traballei cotizando á Seguridade Social durante **18 anos**, algúns a xornada completa, pero a maioría deles a xornada parcial. Cando cumprín os 65, considerábase que non tiña dereito a unha pensión contributiva porque, segundo a lei vixente, neses casos, para calcular a pensión, non contaban os anos, senón as horas cotizadas (10 h por semana no meu caso, que sumaban un total de **6 anos, 9 meses e 20 días**) e como facía falla ter, polo menos, 15 anos cotizados, xa non a solicitei.

Por que a solicitaches agora?

No pasado mes de xuño fun sabedora de que a dúas mulleres, unha catalá e outra galega, lles pasara o mesmo ca a min, pero elas non se conformaron e levaron o asunto aos tribunais. Despois diso, os sindicatos animaban ás persoas que estivésemos nesa situación a que solicitásemos a pensión, xa que agora tiña que haber un cam-

Entrevista a Emilia Rosende sobre a pensión contributiva para persoas que traballan a xornada parcial

bio na lei; só faltaba que chegasen a un acordo o goberno, a patronal e os sindicatos para ver como aplicala, o que sucedeu no pasado mes de xullo. Entón, dixen, pois se outras o conseguiron, por que non eu? E fixen a solicitude, aínda que tiven que insistir para que ma cursasen, porque a funcionaria dicíame que non ma ían dar.

Que foi o que cambiou?

Debido á reclamación que houbo, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea ditou sentenza (22 de novembro do 2012) e tamén o Tribunal Constitucional (14 de marzo do 2013) e fixeron que a lei cambiase por con-

Mírao, pode que ti tamén teñas dereito

siderala discriminatoria con relación ás persoas que traballaban a xornada completa, coa agravante de que a maioría eramos mulleres, polo que consideraron que a lei era discriminatoria tamén por razón de xénero.

O 2 de agosto de 2013 aprobouse a nova lei, que equipara todos os traballadores/as, independentemente das horas traballadas en cada xornada, para ter dereito á pensión. O que si varía, como é normal, é a cantidade que se vai cobrar en función do tempo traballado, pero, se esa cantidade é moi pequena, hai a posibilidade de que concedan un complemento a mínimos.

E por fin ti conseguiches a pensión?

Si, por fin no mes de novembro mandáronme a carta aprobándoma e mais empezáronme a pagar dende que a solicitara.

Animarías a outras persoas a solicitarla?

Por suposto. De feito, xa falei con compañeiras miñas (que, por certo, non tiveran coñecemento da cousa) e unha delas xa empezou a cobrar en decembro.

Así que si, animo a solicitar a pensión e a “correr a voz” porque seguro que hai moita xente que non é sabedora do cambio.

Tamén quero agradecer a insistencia das mulleres que abriron camiño, das mulleres que non se conformaron coa negativa e fixeron posible que a lei cambiase, non só para as persoas que traballamos a xornada parcial ata o de agora, senón para as que nestes tempos de crise son contratadas con esa modalidade, que, segundo as estatísticas, son un número moi considerable.



Utopía




Os aparatos conceptuais están para favorecer o contacto coa realidade que pretenden explicar, e non para afastarnos dela. Isto vale sobre todo para as exhortacións bíblicas que invitan con tanta contundencia ao amor fraterno, ao servizo humilde e xeneroso, á xustiza, á misericordia co pobre. Xesús ensinounos este camiño de recoñecemento do outro coas súas palabras e cos seus xestos.

Para que escurecer o que é tan claro? Non nos preocupemos só por non caer en erros doutrinais, senón tamén por ser fieis a este camiño luminoso de vida e de sabedoría. Porque «aos defensores «da ortodoxia» diríxese, ás veces, o reproche de pasividade, de indulxencia ou de complicidade culpable respecto a situacións de inxustiza intolerables e aos rexímenes políticos que as manteñen».

Papa Francisco
Evangelii Gaudium 194

O noso taboleiro



DÍA INTERNACIONAL DE...

A Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia, co gallo do seu XX Aniversario, convoca un concurso baixo o lema de “Día Internacional de...”. O seu obxectivo é promocionar e impulsar o tempo libre educativo a través da elaboración de proxectos e actividades que axuden a conmemorar calquera dos diferentes Días Internacionais que se celebran no ano.

Os traballos presentados deberán ser inéditos. O deseño das actividades presentadas deberán referirse a un Día Internacional concreto, achegando propostas e temáticas a desenvolver no espazo temporal do día escollido. Valorarán a redacción detallada das actividades, indicando as persoas destinatarias, os obxectivos, a metodoloxía e o seu desenvolvemento.

Establécense dúas categorías, unha para traballos presentados en galego e outra para os presentados en lingua castelá, pudiendo participar calquera persoa do estado español que así o desexar.

O prazo de presentación de traballos ao concurso está aberto até o 1 de maio de 2014, e deberán remitirse á Secretaría Técnica da Federación de CC. Xuvenís Don Bosco de Galicia. Rúa de Belvís 2, 15703 Santiago de Compostela. Para máis información: <http://www.fedboscolgal.org>



EDITA: Asociación A. IRIMIA

FEITO EN PAPEL RECICLADO

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén, Christina Moreira.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓNS: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 628 416 644 / subscripcións@asociacion-irimia.org
Ordinaria: 25 Euros. de Apoio: 40 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: NOVACAIXAGALICIA, CC/2080-0349-85-3040005822- Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 1.000 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml>



Boa Nova



A vosa xustiza ha de ser maior

As palabras do mestre que presenta Mateo neste texto, son unha chamada moi importante para a súa comunidade. Nas primeiras comunidades cristiás existían diferentes opinións sobre cal era o papel da lei de Moisés dentro do movemento de Xesús. Para algúns a fidelidade a mensaxe do Reino pasaba tamén pola fidelidades a lei xudaica, outros pola contra, pensaban que con Xesús superárase a lei e o importante residía na fe en Cristo.

Mateo, ao recordar estas afirmacións de Xesús, busca dar unha resposta equilibrada entre ambas posturas. Non se trata tanto da casuística, da que tanto gustaban os fariseos, senón de apostar, como o fixo o mestre, pola bondade e a xenerosidade cando había que solucionar algún conflito. Así, todos os exemplos que o evanxalista vai enumerando (posiblemente cuestións que preocupaban a súa comunidade) van abrindo novas respostas máis radicais pero menos restritivas que buscan, non unha nova resposta legal, senón unha nova actitude de corazón. Xa Paulo o dixera moitas veces nas súas cartas: non é a lei a que xustifica en salva, senón a fe en Xesús que leva a liberdade e o amor (Gal 5, 1-6; Rm 7, 6).

Os contrastes que Mateo fai entre a norma e as propostas de Xesús mostran onde hai que poñer a forza. Non estamos xustificadas/as por cumprir o precepto de "non matarás", pois o que nos fai seguidores/as son as pequenas respostas de perdón e xenerosidade cara os demais (Mt 5, 21-26). As relacións de parella non se constrúen sobre o edificio da legalidade, senón no ríspeto e a dignidade con que tratamos a persoa coa que convivimos (Mt 5, 27-32). O valor da nosa palabra fica na honestidade do noso comportamento e non nos instrumentos de poder que podemos ter a man para afirmala (Mt 5, 33-37).

Carme Soto

DOMINGO 16 DE FEBREIRO. 6º DO TEMPO ORDINARIO

A PALABRA. Mt 5, 17-37

Naquel tempo, dixo Xesús aos seus discípulos: "Non pensedes que vin derrogar a Lei e os Profetas; non vin para derrogar, senón para dar cumprimento. Porque vos aseguro: mentres non pasen o ceo e maila terra non pasará nin unha letra nin un til da Lei até que todo se cumpra. E quen falte a un destes mandamentos máis pequenos e así llelo ensine a facer aos outros, será declarado o máis pequeno no Reino dos Ceos; mais quen os cumpra e ensine será declarado grande no Reino dos Ceos. Porque vos aseguro que se a vosa xustiza non é maior cá dos letrados e fariseos, non entraredes no Reino dos Ceos. Oístes que se lles dixo aos vosos devanceiros: Non matarás, e quen mate será reo ante o tribunal. Mais eu dígovos: Todo o que se enrabeche co seu irmán será reo ante o tribunal; quen o alcume será reo ante o Sanedrín; e quen o aldraxe será reo do lume do inferno. Se ao presentares a túa ofrenda no altar te acordas entón de que o teu irmán ten queixas contra ti, pousa a ofrenda alí mesmo, diante do altar, vaite primeiro reconciliar co teu irmán, e logo volve a presentar a túa ofrenda. Ponte de acordo, canto antes, co teu preiteante mentres ides de camiño; non sexa que te entregue ao xuíz, o xuíz ao garda, e te boten na cadea. Ten por seguro que non sairás de alí até que deas pagado o derradeiro céntimo (...). Tamén tedes oído que se lles dixo aos devanceiros: Non xurarás en falso, e cumprirás as promesas feitas con xuramentos ao Señor. Mais eu dígovos: Non xuredes nunca: nin polo ceo, que é o trono de Deus; nin pola terra, porque é escano para os seus pés; nin por Xerusalén, que é a cidade do gran Rei. Tampouco xures pola túa cabeza, porque nin sequera lle podes virar branco ou negro un só pelo. Falade, logo, deste xeito: "Si", cando é si; "Non", cando é non; e todo o que pase de aí vén do Malo. (...)"

Pode alguén que non está en paz axudar a construír a paz? Pode alguén que non se acepta humildemente como é, coas súas eivas, limitacións e virtudes, acoller de corazón a seus irmáns, coas súas eivas, limitacións e virtudes? De seguro que xa coñecemos a historia: había dous fillos a quen seu pai lles pedía que fixeran unha cousa: o maior dicía que si, mesmo o xuraba, mais non o facía; o pequeno protestaba, berraba indignado co pai, mais acababa por facelo. Con quen nos identificamos nós? Temos diante de nós un simple reto: abandonar as promesas, esquecer os condicionais, e dicir con humildade si ou non. Dicía Bonhoeffer que debiamos abrírnos e encontrarnos coa Biblia. Mais que debiamos evitar de converter á Biblia en algo relevante, ou como se di na actualidade, "poñela en valor". Non nos cómpre defender a Palabra de Deus, só dar testemuña dela. Si, ou non.

J. A. Martínez

Falando da lingua Sabedes esta adiviña?

Lidia e Valentina



Coas canas enxoitas, non se pillan as troitas

“Atrás dun penedo pariuno súa nai, correu pola terra e casou no mar”

Aínda que a solución é doada (o río), ás veces non caemos nun primeiro momento. E non sabemos trucos para aprender a descifrar adiviñas, a non ser o de practicalas, mais iso non o podemos facer neste espazo. Así que hoxe imos comezar por falar de lingua a propósito de dous verbos que aparecen na citada adiviña: parir e casar.

O primeiro deles é un verbo irregular que a maioría da xente ten castelani-

zado, aínda sen ser moi consciente. “Eu paio” non é unha frase que a xente adoite dicir, primeiro porque parimos só as mulleres e, segundo, porque se o facemos é de xeito bastante puntual e ocasional. E a primeira persoa é a única que é irregular no indicativo, porque o resto das formas son regulares: *ti pares esta semana, ela pare para o mes...* Úsase bastante máis o subxuntivo e aí si que se emprega habitualmente o castelanismo. Teríamos que dicir: *Oxalá eu paira, ti*

pairas, ela paira... Aínda que moitas veces se usa o eufemismo: “dar a luz”

O segundo é un verbo regular, pero que en galego non se emprega co pronome “se”; é dicir, o correcto é “El casou o ano pasado”; Eles casan para o mes” ou “Nós aínda non casamos”. A xente maior adoita empregar ben a forma verbal, mais a forma castellanizada está xa ben estendida, por iso damos este aviso!


Mais non todo ha ser gramática, que tamén está o léxico. E estando arredor dos ríos, acordámonos daquel refrán que di que “Coas canas enxoitas, non se pillan as troitas”. E claro que non, mais con que saques a cana da casa, neste tempo que temos de *choiva* ou *chuvia* (formas normativas tanto unha coma a outra) é imposible non mollarse, así que... Claro que tamén pode caer pedra, pedrazo, sarabia ou salpedrés, e entón diremos que está a caer sarabia, a sarabiar, a apedrar, salabrear, salpedrar ou sarabullar.

Imos mirar pola ventá, a ver se escampou, delampou, escambrou, esteou, estiñou, estrelampou...

O Fachineiro das distopías

Retrato social

Verbo dos últimos datos de paro coñecidos lembrábase o fachineiro daquel conto de Castela no que o pai dun rapaz moribundo chamaba o autor como debuxante para poder ter un retrato del. O pai non quedou conforme ata que o debuxante lle fixo un retrato idealizado do neno. Este pai do conto dicía orgulloso que o fillo que lle morrera era o máis guapo de todos: “aí está o retrato que non mente”. Co noso tecido social ocorre outro tanto; o goberno ofrece un retrato idealizado que en nada se corresponde coa devastación que sofre a poboación cada vez menos activa. O malo é que o retrato si mente. Agora que están de moda as nove-



las baseadas en distopías nas que se ofrece un mundo de supervivencia salvaxe (o caso de *Os xogos da fame*) vemos que a realidade cotiá se achega perigosamente a esa distopía. Esta é a situación na mesmo momento no que Inter-món-Oxfam nos lembra que 85 persoas teñen a mesma riqueza que 2500 millóns de pobres, a metade da poboación mundial. Son as elites que teñen todo. Un signo dos tempos coma o feito de que Coca Cola peche as súas plantas acolléndose a un ERE que a reforma laboral lle pon en ponte de prata, para que marchen a producir a súa optimista bebida xogando coa fame doutro mercado aínda máis precario.

A.Q.